



DATOS IDENTIFICATIVOS

Terceiro idioma estranxeiro II: Portugués

Materia	Terceiro idioma estranxeiro II: Portugués			
Código	V01G180V01705			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Outros			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Bermúdez Montes, María Teresa			
Profesorado	Bermúdez Montes, María Teresa			
Correo-e	bermudezteresa@uvigo.es			
Web	http://estudioslusofonos.blogspot.com/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado profundice os coñecementos básicos xa adquiridos, tanto de lingua portuguesa (de cara ao nivel B1) como das culturas lusófonas. A materia impártese en portugués.			

Competencias

Código	Descrición
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.

B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C29	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do terceiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
C30	Sentar as bases das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita.
C31	Coñecer as bases do repertorio léxico básico do terceiro idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
C32	Coñecer a gramática básica e fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
C33	Coñecer os aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o terceiro idioma estranxeiro.
C34	Mostrar un coñecemento básico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe a perspectiva lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.
C35	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma estranxeiro co propio.
C36	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios da xente que fala o terceiro idioma estranxeiro e alleos.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento básico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	A1	B1	C29
	A2	B4	C30
	A3	B5	C31
	A4	B6	C32
	A5	B8	C33
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma como propio.		B10	C34
		B12	
		B13	
	A1	B1	C29
	A2	B4	C30
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o terceiro idioma estranxeiro e alleos.	A4	B6	C31
	A5	B8	C32
		B12	C34
		C35	
	A2	B1	C30
Dominio oral e escrito do nivel B1, equivalente ao 'Diploma Elementar de portugués Língua Estrangeira' (DEPLE) e do 'Certificado de Proficiencia em Língua Portuguesa para Estrangeiros' (Celpe-Bras).	A3	B5	C33
	A4	B6	C34
	A5	B7	C36
		B10	
		B11	
		B12	
		B13	
	A1	B1	C29
A2	B3	C33	
A4	B4	C34	
	B6	C35	
	B7	C36	
	B8		
	B10		
	B11		
	B12		

Contidos

Tema

Elementos básicos de cultura lusófona	Elementos básicos das historias de: Portugal; Brasil; dos países africanos lusófonos; da literatura lusófona; de música e cinema nas culturas lusófonas actuais; dos sistemas políticos e medios de comunicación nos países lusófonos; doutros aspectos culturais da lusofonía.
Contidos gramaticais	Contidos gramaticais seleccionados e relacionados co nivel A2/B1 de Portugués do Marco Europeo Comum do Ensino das Línguas.
Contidos lexicais	Elementos lexicais seleccionados relacionados cos diferentes ámbitos das culturas lusófonas tratados.
Contidos pragmáticos	Elementos seleccionados de idiomatismos, falsos amigos ou rexistros nos diferentes ámbitos das culturas lusófonas tratadas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	14	20	34
Traballos de aula	16	20	36
Presentacións/exposicións	6	15	21
Traballos tutelados	0	27	27
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	6	8
Probas de resposta curta	2	10	12
Observación sistemática	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Organización e explicación da materia: calendario, exames, exercicios, bibliografía, ferramentas de traballo.
Sesión maxistral	Sesións teóricas: explicacións teóricas sobre aspectos gramaticais e sobre civilización lusófona.
Traballos de aula	Ao longo do curso realizaranse pequenos exercicios e/ou obradoiros relacionados con temas da materia.
Presentacións/exposicións	Cada alumna/o prepara e realiza unha exposición oral sobre un tema de civilización lusófona acordado co profesor.
Traballos tutelados	Cada estudante realiza ao longo do cuadrimestre un traballo escrito, dirixido polo profesor, sobre un tema relacionado coas culturas lusófonas.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias, seminarios, películas ou outras actividades relacionadas cos contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	As presentacións e exposicións dirixiranse de forma personalizada nas titorías.
Traballos tutelados	Os traballos tutelados dirixiranse de forma personalizada nas titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos de aula	Realización/presentación de traballos varios, preparados con antelación polo alumnado.	10	A1 B1 C29 A4 B4 C35 B10 C36 B11 B12
Presentacións/exposicións	Exposición oral de aprox. 10 minutos sobre un tema de civilización lusófona consultado e previamente acordado coa profesora.	20	A4 B6 C33 B8 C36 B10 B11 B12
Traballos tutelados	Traballo escrito segundo as normas académicas sobre un tema de civilización lusófona acordado coa profesora. Un esbozo do traballo entregarase na primeira semana de decembro e a versión definitiva durante o período sen docencia (ata o 14 de decembro de 2016).	25	A4 B6 C33 B8 C36 B10 B11 B12

Probas de resposta curta	Ao final do curso realizaranse unha ou máis probas prácticas escritas sobre contidos específicos da materia.	35	A1 A4	B1 B10	C33 C35
Observación sistemática	Avaliarase a frecuencia e calidade da participación nas aulas e actividades.	10	A1 A4	B1 B6 B8 B10 B11	C29 C33 C34 C35 C36

Outros comentarios sobre a Avaliación

As/Os estudantes deberán escoller nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre, de forma obrigatoria, entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (cf. *supra* a descrición en [Avaliación]) ou un sistema de avaliación única. Recoméndase optar polo primeiro.

Avaliación continua

Dado que se trata do ensino dunha lingua estranxeira é moi recomendábel asistir con regularidade ás aulas. Quen non teña posibilidade de asistir a un mínimo de 80% das aulas debe comunicalo ao profesorado. En todo o caso, a non realización de probas ou exercicios parciais previstos polo sistema de avaliación continua (cf. *supra* a descrición en [Avaliación]) suporá a obtención dunha cualificación de 0 (cero) puntos nesta.

As exposicións terán lugar nas tres últimas sesións de clase (decembro de 2016). Estas probas serán gravadas en formato audio e a participación nelas suporá o consentimento da gravación.

É preciso aprobar a proba escrita (exame), a proba oral (exposición) e o traballo tutelado para superar a materia. De non ser así, non se realizará media. En caso de suspenso, o alumnado que teña seguido a avaliación continua terá que recuperar só aquela(s) parte(s) que teña pendente(s) na convocatoria de xullo.

A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame de avaliación única recollida no calendario oficial da FFT.

Avaliación única

A avaliación única consiste nunha proba escrita, na data recollida no calendario oficial da FFT, seguida doutra proba oral que se realizará na mesma semana. É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para superar a materia e, en caso de suspenso, haberá que recuperar ambas as probas na convocatoria de xullo.

A avaliación única valorarase da seguinte forma:

1. Proba escrita teórico-práctica: 75% da nota final.
2. Proba oral: 25% da nota final. Esta proba será gravada en formato audio e a participación nela suporá o consentimento da gravación.

É preciso superar ambas as probas (escrita e oral) para aprobar a materia.

A non presentación a unha das probas sen xustificante suporá a obtención dunha cualificación nela de 0 (cero) puntos.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios de avaliación única aplicaranse na segunda edición das actas (xullo). O exame escrito e oral terá lugar na data recollida no calendario oficial da FFT para o período de exames de xullo.

O alumnado de avaliación continua que non superase a materia na primeira convocatoria e teña que acudir á segunda edición das actas terá que examinarse exclusivamente da parte ou partes que teñan suspensas (exame oral e/ou escrito).

A copia ou o plaxio nos respectivos exames das avaliacións continua ou única será penalizado cun suspenso (nota numérica: 0) nestas. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información

Ao longo do curso poderase indicar bibliografía complementaria á proporcionada a continuación.

Castro, Ivo (2006). *Introdução à História do Português*, 2.^a ed. revista e muito ampliada. Lisboa, Edições Colibri. (ISBN: 972-772-676-3).

Coimbra Isabel & Olga Mata Coimbra (2012). *Gramática Activa 2*. Lisboa/Porto: Lidel. 3ª ed. revista e aumentada. (ISBN:978-972-757-173-4).

Com ou sem Hífen?. Porto: Porto Editora, 2012. (ISBN: 978.972.0.01713-0).

Cristóvão, Fernando (2008). *Da Lusitanidade à Lusofonia*. Coimbra: Almedina. (ISBN: 978-972-403-445-4)

Dicionário da Língua Portuguesa 2011 (2010). Porto: Porto Editora.

Dicionário Editora de Espanhol-Português (2008). Porto: Porto Editora. (ISBN: 978-972-0-01371-2).

Dicionário Editora de Inglês-Português (2010). Acordo ortográfico. Porto: Porto Editora. 2010. (ISBN:978-972-0-01491-7).

Dicionário Editora de Português-Espanhol (2010). Porto: Porto Editora. (ISBN: 978-972-0-01559-4).

Dicionário Editora de Português-Inglês (2010). Acordo ortográfico. Porto: Porto Editora. (ISBN: 978-972-0-01493-1).

Dicionário Moderno de Sinónimos e Antónimos (2010). Acordo ortográfico. Porto: Porto Editora. (ISBN:978-972-0-05754-9).

Dicionário Moderno de Verbos Portugueses (2010). Porto: Porto Editora.

FLiP 8 □ *Ferramentas para a Língua Portuguesa* (2011). Porto: Priberam. [www.flip.pt]

Júnior, Joaquim Mattoso Câmara. *Estrutura da Língua Portuguesa*, 19.ª ed. Petrópolis, Vozes, 1989.

Lemos, Helena (2008). *Português em direto*. Lisboa/Porto: Lidel.

Lopes, Óscar & António José Saraiva (2010). *História da Literatura Portuguesa*. Porto: Porto Editora. 16.ª ed.

Moisés, Massaud (ed.) (1989). *História da Literatura Brasileira*. 3 volumes. São Paulo: Cultrix.

Picchio, Luciana Stegagno (2004). *História da Literatura Brasileira*. Lacerda/Nova Aguilar.

Sobral, José Manuel (2012). *Portugal, Portugueses: Uma Identidade Nacional*, s.l. Fundação Francisco Manuel dos Santos.

VV.AA. (1999). *Biblos. Enciclopédia Verbo das Literaturas de Língua Portuguesa*. Lisboa: Verbo.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Terceiro idioma estranxeiro I: Portugués/V01G180V01506

Outros comentarios

Un bo dominio da lingua galega facilita a adquisición rápida dun nivel B1 de lingua portuguesa.

A lectura e audición habitual de textos en lingua portuguesa, facilita igualmente a aprendizaxe.

En todo caso, recoméndase a asistencia regular ás aulas e ás titorías e a consulta dos materiais e informacións específicas na plataforma FAITIC, mesmo que non se siga o sistema de avaliación continua.

Aviso importante para alumnado de intercambio (Erasmus): O ensino de Língua Portuguesa na UVigo diríxese a un alumnado que ten o galego e/ou castelán como lingua materna, de maneira que a progresión é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña un nivel de B2 nestas linguas e un A2 (como mínimo) en lingua portuguesa matricularse nesta materia.
